

## Bases de *Inventa en Galego* 2017

Temática: Documentar e ilustrar unha viaxe ou ruta con imaxes e xeolocalización, empregando algún tipo de base de datos.

**Un primeiro nivel:** o que se espera é que se garden e recuperen os datos da viaxe usando tinydb e/ou tinywebdb.

**Segundo nivel:** empregar táboas fusión ou ben con follas de cálculo de Google para, ademais de almacenar, representar inmediatamente en google maps. Isto é o segundo nivel de dificultade, pero perfectamente válido.

**Terceiro nivel:** Por último, se se fai unha conexión directa con Mysql, utilizando php polo medio para gardar e recuperar datos e funciona, acadaríase o máximo nivel que pedimos.

Trátase, pois, de gardar datos que se toman nas viaxes, por exemplo se se garda a posición (latitude e lonxitude) e nome do lugar pode ser suficiente, pero se alguén o fai con Mysql e php pois valorarase máis. Se ademais toma unha fotografía e a garda no ordenador, aínda mellor. Se ademais fai login, e na base de datos garda o login de quen o envía, mellor. Pero non é preciso que conteña todo iso, senón unha aproximación. A maior valoración virá determinada por conter máis características, mellor funcionamento e explicación do funcionamento máis apropiada.

Os programas deben ser orixinais, feitos polos alumnos, e non copiados dos que poda haber en internet e, para poder comprobar o funcionamento, deben estar entregados en código fonte aia e php, así como coa definición da base de datos –no caso de mysql-.

Se non tedes mysql en Internet, se buscades LAMP (wampserver) ou XAMP para linux xa tedes mysql e php. Para o concurso chega con que conectedes en local. Buscades un programa que vos diga os números Ip da rede na que está e conectades en local.

Hai bibliografía suficiente en Internet e podemos orientar a partir do momento que vos inscribades no concurso.

De haber suficientes candidatos, pecharase a inscrición de *Inventa en Galego* o día 15 de marzo.

Xurado: formado por un/unha representante de Igaciencia e un/unha representante de PL. As decisións do xurado son inapelables.

No que se refire as liñas xerais do concurso segue as mesmas ideas do concurso de 2015 que complementan estas bases:

<http://www.igaciencia.eu/drupal7/?q=content/concurso-inventa-en-galego-con-app-inventor>